

A NATUREZA GALAICO-PORTUGUESA  
DAS FALAS DEL EO-NAVIA: CONSIDERACIOIS  
FONOLÓXICAS  
E MORFOSINTÁCTICAS

Natalia Jardón Pérez

UiT- The Arctic University of Norway

(Traducido al galego de Asturias por González Alvarez, Enrique e  
Martín Acero, Begoña)

AXUNTAR

### **Resumen**

El obxectivo principal deste squib é mostrar el carácter fundamentalmente galego dos dialectos falados entre os ríos Eo e Navia en Asturias, e puer así fin á popular pero equivocada crenza de que ditas falas non son senón un “híbrido” de galego e asturiano (García Arias 1997). Pra eso, discuto úa serie de propiedades fonolóxicas e morfosintácticas das falas del Eo-Navia que son á vez definitorias del dominio lingüístico galaico-portugués, e das cuales se deriva a pertenza dos dialectos eonaviegos á familia galaico-portuguesa. Úa vez aceptada esta realidá lingüística, discuto as consecuencias da mesma na actual política lingüística del Principado.

### **Abstract**

The main goal of this squib is to show that the dialects spoken between the rivers Eo and Navia in Asturias are fundamentally Galician, contrary to the popular but inaccurate belief that these dialects are a “hybrid” of two systems, Galician and Asturian (García Arias 1997). To that end, I discuss a series of phonological and morphosyntactic properties observed in the Eo-Navia dialects that are at the same time defining properties of the Galician-Portuguese speaking world, which lead us to recognize these dialects as full-fledged members of the Galician-Portuguese family. Finally, I discuss the consequences that such linguistic reality has for the current language policy in Asturias.

### **1. *Eo-Navia, terra de galaicos en Asturias***

Con al redor de 25000 residentes<sup>i</sup>, e úa extensión aproximada de 1000 km<sup>2</sup>, as Terras del Eo-Navia conservan úa marcada identidade propia dentro del territorio asturiano, non solo en termos lingüísticos senón tamén en termos culturais. Estos territorios, como ben indica el sou nome, tán ubicados nel extremo occidental de Asturias entre dous ríos principais: el Navia cara al este, e el Eo, fronteira natural coa Comunidá Autónoma galega, cara al oeste<sup>ii</sup>. Esa singularidá que observamos aínda hoxe en día é consecuencia dúa cadía de circunstancias históricas tamén singulares, con recorrentes periodos de tensión entre a cidadanía eonaviega e os dous principais núcleos de poder, Lugo e Oviedo, que de forma continuada iban disputándose el control destes territorios fronteirizos. Se ben a finales del século XII as Terras del Eo-Navia pasaron a depender oficialmente del obispado ovetense, na práctica Lugo seguiu exercendo úa influencia notable. Estos territorios tían sido en tempos dos romanos parte del chamado *Conventus Lucensis*, división administrativa pertencente á provincia *Gallaecia*, cuxa fronteira cara al este era precisamente el río Navia. Dita división respondía a criterios étnicos xa que, como conta Plinio el Vello (*apud* Menéndez Pidal 1906:131), el río Navia separaba os poblos galaicos “lucenses” dos astures “pésicos”. Este feito de carácter ancestral parece ter sido determinante, de maneira máis ou menos consciente, nel mantemento de costumes, lingua e cultura diferenciadas dentro del que hoxe chamamos Asturias.

### **2. *A fala como variedade galaico-portuguesa: propiedades definatorias***

Os dialectos históricos da zona Eo-Navia veñen agrupándose popularmente baixo el termo *a fala*<sup>iii</sup>. Outros nomes propostos polos investigadores para referirse al conxunto das distintas falas foron *gallego-asturiano* (Alonso 1972), *galego de Asturias* (Babarro González 1984) e *galego eonaviego* (Frías 2001). Estos dialectos, aos que me referirei conxuntamente baixo el

nome de **galego de Asturias**, son herdeiros del romance galaico-portugués, e a súa pertenza á familia galaico-portuguesa queda patente na análise dos textos de principios do século XII do Mosteiro de Santa María (Álvarez Castrillón 2011), nel concello de Vilanova de Ozcos, así como nos primeiros estudos realizados por Menéndez Pidal (1906) e Dámaso Alonso (1957). Nel seu estudo sobre o leonés publicado en 1906, o filólogo Ramón Menéndez Pidal comenta o seguinte:

*“En Asturias, junto al mar, el dialecto leonés no empieza sino a la derecha del río Navia; a la izquierda del río se habla hoy una variedad del gallego de Lugo, y aun en algunos pueblos inmediatos a la orilla derecha.”*

(Menéndez Pidal, 1906: 130)

Nese mesmo estudo xa se indican como elementos diferenciales do dominio lingüístico galaico respecto ao astur-leonés as seguintes propiedades: por unha parte, a ausencia de diptongación das vogais semiabertas *ě* (IPA: /ɛ/) e *õ* (IPA: /ɔ/), como en *corpo* (e non *cuervo*); por outra parte, a perda do -n- intervocálico, como en *mao* (e non *mano*). Haberán pasar uns cincuenta anos ata que Manuel Menéndez García (1951) complete esta lista con outras tres propiedades que o mesmo presenta como “trazos fundamentais do galego” (ibíd.: 278) e que, ao igual que as dúas anteriores, tan presentes no galego de Asturias: a primeira é o uso de *eu* como pronome de primeira persoa singular, na súa forma nominativa; a segunda característica é o uso da forma *che* (do latín *tibi*) como dativo singular en segunda persoa: *douche* ‘te doy’, así como o uso da forma asomellada *che* (do latín *-sti*) como morfema de perfecto en segunda persoa:

*bebiche* ‘bebiste’; pra rematar menciónase el uso das contracciois pronominales *mo* ‘me lo’, *cho* ‘te lo’ e *llo* ‘se lo’: *xa cho din* ‘ya te lo di’.

A propósito da non ditongación xa comentada, hai que remarcar un aspecto fonolóxico fundamental del galego de Asturias, e é el mantemento dun sistema de 7 fonemas vocálicos (ver apdo. 3), al igual que ocorre nel resto del dominio lingüístico galaico-portugués.

As propiedades descritas en traballos clásicos sobre el galego de Asturias como variedá galaico-portuguesa, e máis concretamente como variedá de galego oriental, foron polo tanto observaciois realizadas nel tarrén fonético-fonolóxico e nel campo da morfoloxía nominal, todo eso unido a exhaustivos inventarios léxicos: esto débese principalmente al carácter funcionalista dos estudos dialectolóxicos tradicionais, nos cuales a Sintaxe e os fenómenos sintáctico-semánticos son os grandes esquecidos. A necesidá de rematar con este tipo de carencia e proporcionar deste xeito úa visión máis completa dos fenómenos gramaticais nos estudos de variación é o que motiva búa parte da investigación dialectolóxica moderna, en especial aquela que parte dos supostos teóricos xenerativistas (Chomsky 1957 *et seq.*)<sup>iv</sup>.

Por conseguinte, á lista de propiedades anteriormente descritas podemos amecer outras que pasaron máis desapercibidas en estudos previos, pero que resultan igualmente determinantes, como é el caso das perífrases de participio, e en particular a que forma el verbo lixeiro *dar* ‘to give’ seguido dun participio perfecto, como en (1) a continuación:

- (1) Salín tarde e case nun dou chegado  
‘Salí tarde y casi no consigo llegar’

Tal e como se reflexa na versión en castelán estándar baixo el exemplo (1), a contribución semántica de *dar* usado como verbo lixeiro (véase Butt 2003) sobre el evento denotado polo participio, neste caso *chegar*, é a de focalizar a parte final, culminativa da acción. Esta perífrase aparece na maioría dos casos baixo el alcance da negación, como observamos en (1). Cómpre resaltar que este tipo de perífrases son exclusivas do dominio lingüístico galaico, e por tanto non aparecen de forma natural noutras zonas de Asturias<sup>v</sup>.

Sen salirmos del conxunto perifrástico, atopamos outra mostra del carácter galaico-portugués dos dialectos del Eo-Navia na natureza sintáctico-semántica da perífrase formada por úa forma flexionada del verbo *ter* e el correspondente participio perfecto. El seguinte exemplo tá sacado da fala espontánea nel Eo-Navia:

(2) Eu teño parado muito na súa casa

A perífrase en (2) denota que a acción de parar ou visitar aquela casa tuvo lugar en repetidas ocasións, en todo caso máis de úa vez. Se modificásemos (2) de forma que forzásemos úa lectura de evento único, como en (3), el resultado deixa de ser aceptable:

(3) #Eu teño parado na súa casa sólo úa vez.<sup>vi</sup>

As condicións que gobernan el uso desta perífrase nel galego de Asturias son as mesmas que gobernan el seu uso noutras variedades de galego (4) e nel portugués (5):

(4) Eu, moitas veces, teño cazado nun día máis de vinte perdices

(Rojo 1974: 130)

(5) O João tem saído tarde

(Schmitt 2011: 404)

A oración portuguesa en (5) traduciríase al español como ‘Juan anda saliendo tarde últimamente’ ou ‘Juan ha salido tarde bastantes veces’.

El requisito relativo á recorrencia ou repetición da acción denotada polo participio (*parar, cazar, salir, etc.*) faise visible naqueles casos nos que se nega, tanto a través de frases adverbiales como *sólo úa vez* en (3), como a través de verbos aos que el contido léxico os fai incompatibles coa repetición, como é el caso de *morrer* no exemplo portugués en (6).<sup>vii</sup>

(6) #O Pedro tem morrido

(Schmitt 2001: 405)

Aínda que en asturiano parece existir úa perífrase formalmente equivalente, construída coel verbo *tener*, esta non parece tar suxeita ás mesmas condicións. Considérese neste sentido el exemplo seguinte:

(7) Camentaba que yá los tendrían semao

(Cano González 1995: 43)

El caso (7) denota úa única sementeira, e a pesar deso a frase en asturiano funciona. Harre (1991) recolle datos similares del castelán falado na Asturias central, unde *tener* + participio denota feitos que ocurriéron úa sola vez. Estas lecturas, posibles na zona de dominio lingüístico astur, son descartadas al oeste del Navia.

Máis controvertida como propiedá definitoria, pero igualmente interesante, é a conservación nel sistema verbal del galego de Asturias da forma de pluscuamperfecto sintética latina *amaveram*:

- (8) Condo aquello él xa anduvera por muitos sitios  
‘En aquella época él ya había estado en muchos sitios’

En (8) vemos cómo a información semántica de pluscuamperfecto vén dada pola forma *anduvera*. Se ben esta forma se menciona como propia tamén del asturiano (Cano González 1995, ALA 1998:181), descoñécese se os exemplos aportados veín de zonas alonxadas del Eo-Navia ou zonas de transición, como pode ser Navia, Villaión, ou Allande, e/ou se os falantes enquisados teín ou non relación coa comarca eonaviega.

A idea de que as variedades que conforman *a fala* son fundamentalmente galaico-portuguesas con algús préstamos (na súa maioría léxicos) del castelán e del astur-leonés aparece xa nos escritos de Dámaso Alonso:

*“Estas hablas de entre el Navia y el Eo, fundamentalmente gallegas, pero con algunos rasgos asturianos, las designo con el nombre de gallego-asturiano. Dentro de esta zona, políticamente asturiana, lingüísticamente gallega (...)”*

(Alonso, *OC* 1972: 391, apud Fernández Rei (ed.) 1994: 64)



A pesar da aparente claridá coa que Alonso define *gallego-asturiano* como ‘gallego hablado en Asturias’, así como na revisión que da súa obra fai posteriormente Antón Meilán (1994), a potencial ambigüidá del termo en abstracto deu lugar a úa interpretación híbrida del estilo ‘mestura de galego e asturiano’, a cual, xebrada del sentido orixinal pero alentada por momentos desde a Academia de la Llingua Asturiana (García Arias 1997), foi adquirindo certa popularidá nun contexto de confusión non resolta. É importante sobresalir que, en base ás propiedades expostas anteriormente, desde un modo de ver estrictamente lingüístico non hai confusión posible, xa que a hipótese híbrida carece de fundamento empírico; polo tanto, haberemos de concluír que a motivación de certas persoas ou organismos á hora de non refutar (ou mesmo, de alentar) a idea de *gallego-asturiano* como variedá híbrida non responde a criterios científicos, senón doutra natureza.

### ***3. Asturianos de fala galega: úa realidá incómoda***

A modo de conclusión, comentarei brevemente as dificultades que se presentan al intentar acomodar os consensos científicos al da realidá político-social que nos ocupa. El problema de fondo é el seguinte: existe úa minoría de asturianos (os del Eo-Navia) cuxa lingua materna é el galego, de acordo a criterios exclusivamente lingüísticos, tipolóxicos. Esta peculiaridá vén acompañada doutras nel ámbito cultural, gastronómico, arquitectónico, etc.

Nun marco legal nel que cada Comunidá Autónoma ten atribuidas amplas competencias sobre os sous territorios, é el Principado de Asturias, con sede

en Oviedo, quen debe velar polos deretos e intereses da minoría eonaviega. Así e todo, cabe preguntarse se as singularidades que el Principado reconece son aquelas que dicta a realidade: no que afecta á lingua, é a Academia de la Llingua Asturiana (en colaboración coa Universidad de Oviedo) a que vén monopolizando os proxectos asociados a estudos lingüísticos en Eo-Navia, a pesar da súa notoria parcialidad á hora de tratar os datos obtidos.

Al non ter que rendir contas ante os propios cidadanos ou ante organismos independentes, el poder vólvese despótico e as consecuencias non se fain esperar: un exemplo relativamente recente é el cambio na toponimia, aprobado a reiz dun estudio dirixido dende Oviedo, e nel cual se oficializa *Bual* como topónimo autóctono frente a *Boal*, dando nome á vila e al seu correspondente concello. Úa clarísima afrenta lingüística, pola cual se decide eliminar a grafía *o* como símbolo correspondente al fonema vocálico /o/ (frecuentemente chamado “o cerrado”), ignorando así el feito de que el galego de Asturias posúe un inventario vocálico de 7 elementos, con dous tipos de *o*, un “aberto” e outro “cerrado”, tal e como ocorre nel resto del dominio lingüístico galego. A adopción do *u* como grafía pra el /o/ supedita cualquera rigor científico al interese político de potenciar el asturiano como única lingua de Asturias.

Nun escenario político como el actual, unde parece deseñarse úa posible oficialidad del asturiano dirixida polos núcleos de poder da Asturias Central, é máis necesario que nunca esixir que se respecten os dereitos das minorías, neste caso as dos asturianos de lingua galega del Eo-Navia. Non permitamos que se pervirta el estatus del galego de Asturias en favor dúa mestura de galego e asturiano que nunca foi. Frente al oscurantismo ideolóxico, armémonos de verdá científica pra ser libres.

## ***Bibliografía***

Adger, David y Græme Trousdale. 2007. Variation in English syntax: theoretical implications. En *English Language and Linguistics* 11.2: 261-278. Cambridge, Reino Unido: Cambridge University Press. doi:10.1017/S1360674307002250

Academia de la Llingua Asturiana. 1998. *Gramática de la Llingua Asturiana*. Oviedo: ALA.

Alonso, Dámaso. 1972. Del Occidente Peninsular in *Obras Completas, tomo I*, 291-533. Madrid: Gredos

Álvarez Blanco, Rosario et al. 1993. *Gramática da lingua galega*. Santiago de Compostela: Galaxia.

Álvarez Castrillón. 2011. Colección diplomática del monasterio de Santa María de Villanueva de Oscos (1193-1300). Oviedo: RIDEA

Babarro González, Xoán. 1984. Galego de Asturias. Delimitación, caracterización e situación sociolingüística. Tese de doutoramento. Universidade de Santiago de Compostela.

Butt, Miriam. 2003. The light verb jungle. In *Harvard Working Papers in Linguistics*. Vol 9:1-49. Harvard, Cambridge MA.

Cano González, Ana M<sup>a</sup>. 1995. Evolución lingüística interna del asturiano. *Informe sobre la llingua asturiana: 27-58*. Oviedo: ALA.

Chomsky, Noam. 1957. *Syntactic Structures*. The Hague: Mouton.

Fernández Rei (ed.). 1994. *Llingua e cultura galega de Asturias. Actas das I<sup>as</sup> Xornadas da Llingua e da Cultura Galega de Asturias: na busca das raíces da Terra Navia-Eo. Homenaxe a Dámaso Alonso*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia

Frías Conde, F. Xavier. 2001. Os límites entre galego e asturleonés en Asturias. En *Revista de Filología Románica*. Vol 18: 51-71. ISSN: 0212-999X.

García Arias, Xosé Lluís. 1997. El continuum llingüístico ente'l gallegu y l'asturianu. En *Lletres asturianas: Boletín Oficial de l'Academia de la Llingua Asturiana*. 43-50.

García Represas, Delio. 2004. *Formas compostas no verbo galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/ Instituto da Lingua Galega.

Harre, Catherine E. 1991. *Tener + Past Participle. A case study in linguistic description*. London-Canberra: Croom Helm.

Menéndez García, Manuel. 1951. Algunos límites dialectales en el occidente de Asturias. *Boletín del Instituto de Estudios Asturianos*, Año 5<sup>o</sup>, n<sup>o</sup> 14, 277-299. ISSN: 0020-384X.

Menéndez Pidal, Ramón. 1906. El dialecto leonés. *Revista de archivos, bibliotecas y museos*. Año X, febrero-marzo. Números 2 y 3.

Rojo, Guillermo. 1974. Perífrasis verbales en el gallego actual. Anejo 2 de *Verba*. Santiago de Compostela: USC.

Schmitt, Cristina. 2001. Cross-linguistic variation and the present perfect: the case of Portuguese, *Natural Language and Linguistic Theory* 19. 403-453.

---

<sup>i</sup> Fonte: base de datos en rede da Federación Asturiana de Concellos ([www.facc.info](http://www.facc.info)), correspondente al ano 2015.

<sup>ii</sup> Nótese que a distribución xeográfica del que aquí chamamos Eo-Navia non se corresponde coa división administrativa coñecida como Comarca do Eo-Navia, xa que esta última inclúe concellos al este del río Navia unde a prevalencia del sistema galaico parece mermada pola influencia del astur-leonés.

<sup>iii</sup> É importante non confundir a *fala* de Eo-Navia co conxunto de dialectos coñecidos como *fala* en Extremadura.

<sup>iv</sup> Véxase a este respecto Adger e Trousdale (2007) sobre a relación entre a lingüística teórica e os estudos de variación. Se ben estos autores falan principalmente sobre el inglés, as súas reflexiois son aplicables a outras linguas.

<sup>v</sup> Non se descarta que aparezan casos illados noutros territorios debido á emigración eonaviega, tanto cara al resto de Asturias como cara outras comunidades autónomas.

<sup>vi</sup> A almofada al comezo da oración indica anormalidade ou insuficiencia semántica.

<sup>vii</sup> Nótese que os exemplos se limitan al tempo presente. Propúxose que tanto en galego como en portugués el requisito de evento repetido ou recorrente solo existe en dito tempo, e non condo *ter* aparece flexionado noutros tempos, como el imperfecto. Sobre este tema, véxase Schmitt 2001, Álvarez *et al.* 1993, García Represas 2004.